

NA ESCOLA

Mércores, 12 de abril de 1989

La Región

Núm. 34

Unha nova conmemoración republicana

A Historia é constante, teimuda, insoslaible. Por moitas voltas que se lle dean, o que tén que pasar, termina pasando. Tarde ou cedo...

Non hai outra explicación para a experiencia republicana española de 1931-1936. En visceras do fin de século e nos lindeiros dun novo milenio, esa experiencia, que se sitúa no remate do primeiro tercio do XX, segue a suscitar todo tipo de interpretacións e de análises.

¿Por qué? A razón parece ser moi simple: porque o seu significado histórico aínda non está esgotado. A II.ª República, que se abre como experiencia política de dimensión mundial o 14 de abril de 1931, é o salto cualitativo máis importante na historia contemporánea dos pobos de España.

Non é, pois unha casualidade que esa data apareza aínda hoxe aureolada polo sentimento da **transformación** e a **esperanza**. Términos estes comúnmente usados polos historiadores que maior atención lle adicaron ó proceso republicano.

E eso foi así porque, nese 14 de abril, non soio se produciu un cambio de goberno ou unha remodelación política do Estado. Ese día empezou a agromar con forza nos nosos pobos a idea de que era algo máis que un goberno o que cambiaba e a idea de que era algo máis que a fachada do Estado o que había que arranxar... Ese día empezou a tomar corpo a **conciencia social colectiva** da caída definitiva e irreversible do **antigo réxime**, a certidume sentida e vivida de que algo desaparecía para sempre. Era o umbral dun proceso revolucionario...

Pero sabemos hoxe que o contexto internacional en que ese proceso tén lugar era especialmente difícil e complexo. Tan complicado, que a II.ª República española sentíase materialmente soia, aínda que a acompañase a solidariedade de tódolos pobos do mundo. Doble era, pois, aquel sentimento: por un lado, o cambio radical; por outro, a soedade...

Nos dous primeiros anos de experiencia republicana, o proceso político quedaría reducido a unha dura pugna **constitucional** pola conquista da Escola, da Igrexa e do Exército. A República lograría **a súa implantación plena na Escola** e, en parte, no Exército, pero **fracasaría por completo coa Igrexa**.

A educación vai ser así unha conquista republicana de tal calibre que, hoxe, á hora de reformar o sistema educativo en calquera dos seus niveis, hai que recurrir necesariamente á experiencia educativa daqueles anos. O esquema teórico daquel tempo segue a ser válido, salvadas tódalas distancias históricas no que se refire ó progreso material do país e ás milloras cuantitativas no sistema educativo (índices de alfabetización e escolarización, principalmente). Porque, coa II.ª República, a educación pasa a ser definitivamente unha cuestión fundamental do Estado. O vello problema que se debate en Europa durante o século XIX, prolóngase en España no XX. O réxime republicano decide sobre este asunto en aberta loita con intereses privados, sobre todo eclesiásticos. Deste modo, a educación é, para a República, non só unha cuestión de Estado, senón tamén un asunto **de urxencia**.

Entre os grandes problemas estatáís, a Escola atópase, sen dúbida, nun lugar especialmente destacado. A labor de reforma da infraestrutura e da superestructura do sistema educativo foi considerable. A educación experimentou un cambio completo nos seus plantexamentos, tanto en extensión como en profundidade.

O período con maior persistencia e homoxeneidade ideolóxica é o primeiro bienio republicano. A reforma educativa será protagonista principal dos primeiros pasos do novo Estado e estará un pouco en todas partes: nas Cortes e nos Ministerios, na base e no cumio, nas nacionalidades e no Estado, nos partidos políticos e noutras organizacións sociais...

A renovación do sistema educativo e das teorías pedagóxicas afectará a tódolos seus niveis: subsistema primario, secundario, universitario, profesional e técnico. Implicará dunha maneira particularmente intensa ós profesionáís do ensino, principalmente ós mestres. O maxisterio republicano vaise converter, en pouco tempo, nun dos pilares fundamentais do novo réxime.

Da a impresión de que imos necesitar aínda algúns anos para que a experiencia educativa republicana, brutalmente cercenada a partires de 1936, quede definitivamente consolidada na nova situación política aberta.

HERMINIO BARREIRO
Santiago, abril, 1989

Aquela renovación educativa en Ourense

O movemento de renovación pedagóxica ourensana durante grande parte da dictadura e logo, a súa eclosión durante a República débese a aparición dunhas cantas figuras, digamos relevantes, que a este respecto o foron: Manuel Sueiro e Jacinto Santiago son, entre outros, os que máis influiron porque ambos, como profesores, deixaron caer o seu ascendente sobre o alumnado. Influencia de tipo liberal, democrático, con ribetes dun anarquismo "sui generis" que naquel momento animaba o espírito de loita contra a dictadura, principal obstáculo para un maxisterio progresivo e aberto as novas correntes pedagóxicas.

Posturas rebeldes noutros campos, como Basilio Alvarez no campo agrario e certos galeguistas no campo nacionalista a parte dos socialistas. Todas estas rebeldías foron creando o caldo de cultivo necesario para o desenvolvemento do posterior gran movemento social e pedagóxico, teórico-práctico dunha grande parte dos mestres de esquerdas ourensanas, que foron, a nosa maneira de ver, os iniciadores desta revolución en Galicia e un dos máis vigorosos de España.

En tempo da República, no ano 1931, organizouse xa a A. T. E. O., nome posto adrede para asustar a timoratos e mal intencionados polo seu aparente entronque co problema filosófico tan debatido da creencia ou non nun primeiro principio; cando a asociación non tiña nada que ver cas creencias de ningún dos seus asociados, porque eran variadísimas.

A característica fundamental dos iniciadores e organizadores da asociación era de tipo anarquista, alá nos confines idealistas, un tanto místicos, do

ANO I ORENSE DICIEMBRE 1932 NÚM. 10

CONSEJO DE REDACCION

Abel Carbajales (Secretario), Baltasar Vázquez (Director), Eligio Núñez, Evaristo Suárez, Ignacio Herrero (Corrector), Juan Lacomba, Luis Soto, Manuel L. Acuña, Manuel Vázquez (R. artístico), Raúl González.

COLABORADORES

Todos los trabajadores de la enseñanza.

ESCUELA DE TRABAJO

REVISTA PEDAGÓGICA MENSUAL DE LA ASOCIACIÓN DE TRABAJADORES DE LA ENSEÑANZA DE ORENSE

ADMINISTRADOR

Adolfo Rodríguez Anzias, San Cosme, s-bajo, der.-Ourense.



sentido da liberdade, denominador común da grande maioría, formados a sombra dos dous profesores citados, cúa admiración se reflexaba ate en certos xestos e nas formas expeditivas de falar de gran parte dos influenciados por eles. "La República", periódico fundado por Jacinto e dirixido por él, onde asomaba o humorismo e ate a ironía sarcástica da súa pluma -nel colaboraron moitos mestres e moito se lles pegou da súa forma e ideoloxía- tivo grande influencia.

Tamén "El Pueblo Gallego" de Vigo, onde colaboraban, baixo o mecenazgo de Roberto Blanco Torres, toda a nacente intelectualidade galega, xoves todos, e gran parte dos maiores xa consagrados,

sobre todos os que tiñan algo progresista ou fundamental que decir.

Pedagóxicamente todos estaban máis ou menos influenciados pola "Revista de Pedagogía", que pilotaba con acerto Lorenzo Luzuriaga. E, nas escolas facíanse ensaios dos métodos modernos da educación e enseñanza, según os gustos dos mestres; pero tendo sempre en conta os descubrimentos das novas metodoloxías, inspirados, sobre todo, na Pedagogía e Psicoloxía científicas, baixo a orientación do Instituto de Juan Jacobo, de Ginebra e outras orientacións modernas daquela época.

BALTASAR VAZQUEZ,
Mestre republicano

Facendo unha xeografía parroquial

Voume lembrar dun pequeno recurso didáctico que consideraba moi xeitoso e adecuado, naquelas pequenas escolas rurais: A redacción e construción entre os nenos e o mestre dunha "Xeografía parroquial". Preséntovolo por si acaso poden atopar nele algo aprotietable.

O primeiro traballo conxunto é faguer un sinxelo **mapa da parroquia**. Pra elo saíamos de excursión a un dos outeiros máis preto da escola, e alí cos nenos ao arredor, nunha folia de papel íamos diseñaño o trazado do mapa parroquial. A orientación faíanna os rapaces: "O sol sae polo Este, ao fronte o Norte, a espaldas o Sur...". Entón, xa polo río, ben pola estrada principal, íamos construíndo o mapa, a situación dos lugares e aldeas, ao mesmo tempo que se lles explicaba a **escala**, sempre dun xeito aproximado.

En Vilaríño, 1934

O texto era en pequeno, como o das outras xeografías. Teño unha copia da xeografía da parroquia de **Vilaríño (Pereiro de Aguiar)**, que foi a miña primeira escola "en propiedade". Daquela o traballo era en castelán, pois aínda que a explicación era moitas veces en galego, os textos e toda a lectura era en castelán.

Vou nomeando os capítulos e títulos:

Introducción - Situación y límites - Extensión y población

Geografía física.- Montes de Vilaríño - Ríos - Clima.

Geografía política.- Ordenación cultural - Ordenación político-administrativa - Ordenación religiosa - Ordenación social.

Geografía económica.- **Animales** (fauna), Mamíferos; Aves (paxaros); Peces; Reptiles; Insectos. **Vegetales** (flora), Árboles leñosos, Árboles frutales, Arbustos, Plantas alimenticias, Plantas medicinales. **Agricultura, Industria y comercio;** el vino, produción vinícola en Vilaríño (año 1934).

Geografía descriptiva.- Una ligera descripción panorámica de la parroquia con sus aldeas y lugares.


En Pombeiro, 1969-70

Na última escola que desempeñei, despois da miña reposición como mestre, tamén votei mau deste recurso didáctico. Aproveitando aquelas verbas do ministro franquista Villar Palasí, que autorizaba o uso da lingua materna en determinados traballos escolares, fixemos o "**Estudio xeográfico da parroquia de Pombeiro**" por os nenos da escola baixo a dirección do mestre.

Conservo unha copia referente ao curso 1969-70. Pero nela faltan cecais o máis interesante, que eran os moitos dibuxos -moi sinxelos e esquemáticos- que eu iba recollendo das eirexas, capelas, pontes, cruceiros, muiños, casinas, "chalets"... e que eu levaba ao encerado pra que os nenos os copiasen na súa libreta, ilustrando o texto.

Ao estudar a fauna parroquial no capítulo dos paxaros, era onde o profesorado pasaba aos nenos e o profesor era o alumno. Era de ver a alegría dos pequenos cando ían nomeando os paxariños. O mestre apuntaba o nome e facíalle describir ao neno o tamaño, a cor e algunha outra característica do paxariño. Entón pasaba ao **inventario** sin correspondente castelán, pois non o sabíamos.

Copiamos a continuación os de Vilaríño: Gavilán, gaio, pardau (gorrión), carrauco (ruiseñor); carriza, chasco, perdiz, rola (tortola), papafigo (oropéndola), pisco, canario, pedroleiro, manxanenga, santiotiño, merlo, merlo pedres, pega, choyo, martín peixeiro, peto real, finco, corvo, garza, couco, bubela, rube-rube, asubiote, pombo, avefría, xilgaro (jilguero), mórcego (murciélago), estorniño, negra, papuxa, xi-



quirixi, malvis, rabo largo, cherlo, pato peixeiro, paporrubio, paspallau (codorniz), moucho, peto rabudo, escribiente, anduriña (golondrina), tordo, azuleira, bufo (buho), furafollas, ferreiro, cotorría, lavandeira real, lavacús.

A redacción do texto procuraba sere o máis sinxela posible. Como exemplo vou citar a continuación a **Introducción a Xeografía de Pombeiro (Ferreira de Pantón)** que foi a escola onde me xubilei. Escomenzaba así.

"No universo hai moitas estrelas. A nosa, a que nos quenta e alumea, chámase o sol.

O sol ten nove planetas: O noso é a terra.

A terra divídese en cinco partes ou continentes: A nosa chámase Europa.

Europa ten moitas nacións: A nosa é España.

España ten doce rexións: A nosa é Galicia.

Galicia ten catro provincias: A nosa é Lugo.

Lugo ten dez partidos xudiciais: O noso é Monforte de Lemos.

Monforte ten cinco concellos ou axuntamentos: O noso e Pantón.

Pantón ten vinte e tres parroquias: A nosa é San Vicente de Pombeiro".

Cada capítulo ocupaba o traballo escolar tres ou catro sesións. Explicábase, preguntábase os alumnos que íban, eles tamén elaborando o contido. Unha vez enteirados, o mestre iba escribindo o texto con letra moi clara no encerado. Os nenos antes de copialo na súa libreta leían varias veces -pequenos e grandes- para que fosen ven enteirados do que se trataba. A libretina era de raiado horizontal e vertical para facilitar o debuxo correspondente que o mestre levaba ao encerado unha vez terminada a copia. Disfrutaban moito coeste sinxelo traballo, e levaban prá casa ao final de curso un libriño feito por eles coas circunstancias enciclopédicas da súa parroquia.

Advertencia final

Somos conscientes de que toda a gracia, todo o valor educativo deste noso recurso didáctico residía en ser empregado naquelas vellas escoliñas do medio rural. Nelas adquiría o método toda a súa virtude lúdica de xogo educativo. Os tempos no eido do ensino cambiaron moito, e non sei, pois, como podería ser empregado nos actuais centros graduados. Polo de pronto, coído que a transformación primeira sería a supresión do ámbito parroquial por outro medio máis amplo: O comarcal ademais de outras que non considero agora o momento de expoñelas.

Armando Fernández-Mazas

Experiencias escola de

As catro escolas rexentadas por mín, anteriores a de Sampaio, eran mixtas. Seguín sempre o sistema de non separar os nenos das nenas sen que por elo xurdise ningún problema. Unicamente nos recreos os nenos adicábanse os seus xogos favoritos e as nenas aos seus.


Dentro da escola agrupábaos tendo en conta o seu nivel cultural sin que influira o sexo. Isto amosa a eficacia da coeducación. A vida é convivencia entre os dous sexos e a educación xa sabemos que é preparación para a vida.

Centros de interés

Os métodos que utilizabamos ao advenimento da República estaban inspirados nas publicacións da "Revista de Pedagogía" dirixida por Lorenzo Luzuriaga. Entre os diversos métodos, o máis utilizado por mín eran os **Centros de interés**. Elexía un asunto e en torno a él xiraban as demais materias. Lembro algúns: "**O algodón**", debuxos da planta, formas de cultivo, climas adecuados, aplicacións, grandes países produtores. Relacionado con elo, a xeografía, a historia, a industria, o comercio, outras plantas textiles, o algodón en España. Outro centro de interés, "**O Mediterráneo**", en torno o cal se desenvolveu a Civilización Occidental, que, sin ser un río, está poboado de illas próximas (civilización grega, latina, árabe, etc.). Logo os dous grandes ríos ecuatoriais, creadores das selvas vírxenes que non permitiron o desenvolvemento de grandes civilizacións, a aunque si algunhas, sen transcendencia universal: Congo e Amazonas. Outros centros de interés: "A celulosa" e os seus derivados; "O ferro" (ferro dulce, aceiros, fundición e as súas múltiples aplicacións).

Este e o método por mín máis empregado e que me deu excelentes resultados.

Durante o réxime republicano establecéronse e



Vilaríño: Iglesia de Santa Cristina.

renovadoras na Sampaio

puxéronse na práctica os **Centros de colaboración**. Consistían éstos, por iniciativa da inspección, en que nunha escola determinada se xuntaban os mestres das localidades máis próximas e asistían en calidade de espectadores, ao desenvolvemento dunha clase nunha sesión completa, sempre a da mañá. Deste xeito divulgábanse e intercambiábanse os novos métodos de enseñanza, dacordo cas novas correntes pedagóxicas.

Estos centros celebrábanse nas escolas rexentadas por mestres xóvenes, nas que fervían as inquietudes pedagóxicas innovadoras. Na escola de Sampaio, rexentada por mín, celebrouse un deles, se mal non recordo en abril de 1936. Non sospeitábase entón que nos atopábase nos comezos da agonía da República, por cúa vida traballábase con tanto entusiasmo.

As **semanas pedagóxicas** consistían nunha serie de conferencias, celebradas xeneralmente nas cabezas de partido xudicial, dunha duración dunha semana. Reunidos os mestres do partido escoitaban unha conferencia diaria pronunciada por persoas relacionadas co ensino adicados a actividades intelectuais, como é o caso do entón xuíz de Primeira Instrucción de Ribadavia, Sr. Menéndez, partidario da República e que, para salvar a vida houbo de exiliarse en México. Intervenían tamén Otero Pedrayo, Risco, o inspector Sr. Lorenzo, o Profesor Sr. Amor e o que isto escribe, desenvolvendo un tema titulado "A herencia biolóxica na educación".

A única enseñanza complementaria nas escolas estatais -hoxe colexios públicos- era a **escuela nocturna para os adultos**, que tiña lugar desde novembro ate febreiro, ampos inclusive, de seis a oito da noite, hora solar, pois entón non rexían as horas oficiais. Estas eran complementarias da educación primaria. Por elo percibíase 250 pesetas pola temporada.

Raúl González Gómez

SOBRE A DIDACTICA DA HISTORIA

A identidade adormece na memoria: Un país de cultura oral

Galicia é unha nación arredada, confinada na periferia do mundo. Nos países como o noso, afectados polo síndrome do Fisterre, o tempo transcorre cun ritmo máis pousado. Todo foi chegando serodio, dende as innovacións do Neolítico ata as modificacións tecnolóxicas aportadas polas sucesivas revolucións industriais. Deste xeito, nada ten de estraño que un amplo segmento da poboación o que ultrapasa os cincuenta anos forxara a súa identidade persoal nun medio onde a expresión oral mantiña a primacía por sobre da escrita. As aldeas nas que discurreron as vidas da meirande parte dos nosos vellos configuraban antes un universo do verbo, da oralidade, que unha galaxia Gutenberg. Esta, actuaba dun xeito feble en conxunto. E polo que se refire ó engaiolante mundo da imaxe, a "mediática" galaxia de Mac Luhan, bótase ben de ver que, a pesar do seu gran impacto, non pasa de ser un recién chegado no noso medio.

Todo isto sábese ben os profesores de Historia e Ciencias Sociais; eu non digo nada novo. A todos nos compre pescudar nese faiado colectivo que é a memoria, na que reside en boa parte, iso que chamamos un pouco ampulosamente, a nosa "acusada etnicidade diferencial".

Borges dicía na súa Historia de la Eternidad que "la identidad personal reside en la memoria y que la anulación de esa facultad comporta la idiotéz". Compre, pois, tamén na pedagogía esgaravellar na nosa memoria común, rescatar a vizosa cultura tradicional galega que debe servir para chantar os alicerces dun futuro de renovación, non sen antes pasala pola

peneira da crítica para desterrar aqueles valores e aspectos menos plausibles.

Cada vello que morre é unha biblioteca que arde

Os ensinantes podemos facilitar o acceso da xente nova ó saber conservado na memoria. Primeiramente facéndollo valorar, dada a subestima na que xace por mor da asoballadora hexemonía da cultura da información urbana, actual, efímera, e difundida mediante soportes tecnolóxicos.

Cómpre bulir posto que o tempo deseca implacablemente as nosas fontes, amenazando con esa forma de desertización intelectual que é a amnesia. O conxunto da cultura tradicional galega, incluído ese tesouro ricaz que é a toponimia menor, corre o risco de perderse. Como afirmaba Eduardo Galeano: "Cada vello que morre é unha biblioteca que arde".

Pier Vittorio Tondelli

O escritor italiano Pier Vittorio Tondelli describe nun dos seus relatos breves (1), cunha prosa desgarrada e pasoliriana pero moi eficaz, unha experiencia pedagóxica que pode dar pé a unha práctica de Historia enormemente suxestiva. Resumirei o núcleo temático da súa proposta que cada profesor interesado poderá logo completar como lle pareza.

Conta Tondelli que os profesores, distribuídos nos diversos grupos de alumnos que se formaron, fixeron saídas por un barrio reparando na súa configuración urbanística e nas distintas clases de persoas que o habitan. Ollando vellas fotos relaizáronse debuxos de como eran as casas e as rúas, as prazas e os mercados hai vinte ou máis anos, e como son no presente, procurando un achegamento veraz pero tamén imaxinativo e poético. Graváronse logo en magnetofón, durante varias horas moitos relatos de xubilados e vocacións de mulleres de avanzada idade. E deste xeito, pouco a pouco, colleuse material para construír unha representación e unha historia do barrio e da xente que traballa e vive nel... Fíxose, o cabo, unha festa na que estudantes e veciños percorreron a escola e as rúas, en medio de gran balbordo algareiro e led. Ian ollando as paredes das casas e do centro educativo, cubertas con debuxos dos nenos e as historias dos vellos cumpridamente resumidas en carteis e que unha revista editada o efecto ampliaba profusamente.

Velaquí temos como mediante entrevistas gravadas en cassette é moi doado realizar unha experiencia de historia oral que nos permita reconstruír a vida cotiá das xentes no pasado recente, averiguando as súas condicións de existencia e algúns rasgos da mentalidade colectiva. Os nenos, pola súa banda, teñen así ocasión de desenvolver a súa creatividade e de coñecer mellor o seu entorno, transvasándose cara a eles o causal da memoria relegada.

A información obtida deste xeito pódese completar con documentación escrita: Libros, ó mellor algún periódico local de reducida tiraxe que tanto se prodigaron polo país, votos e antigas cartas que a bo seguro durmirán en cartafolios esquecidos en moitos faiados.

Xavier Castro, Prof. da E.U.F.P.E.X.A. de Ourense

(1) Tondelli, P.V. Otros libertinos, Anagrama, Barcelona 1982

Ensino activo da xeografía: Unhas experiencias na República

A chegada da República (1931) co impulso de renovación que caracterizaba aos seus homes e institucións -Misiones Pedagóxicas, Institución Libre de Enseñanza, Revista de Pedagogía, etc.- fixeron xurdir entre os rapaces das novas xeneracións do Maxisterio un grande entusiasmo e interés polo traballo pedagóxico. En Ourense foron os recién saídos mestres da oposición de 1928, os que de seguida se puxeron ao fronte do movemento renovador de aquelas vellas e atrasadas estruturas pedagóxicas domiñadas cuasi totalmente pola dirección espiritual da Eirexa Católica. Foi aquel ámbito cultural creado pola República o que fixo posible e alentou a incorporación dunha morea de novos mestres que levaron a cabo a máis espectacular e máis rápida transformación da escola no noso país.


Era de ver e contemplar como xurdían naquelas pequenas escolas rurais espalladas polas montañas e ribeiras ourensanas, novos ensaios e experiencias didácticas que, si protagonizadas nun principio polos máis aventaxados mestres da promoción do 1928, foron continuados polos da de 1931.

Lembrámonos moi particularmente do escrito de

Ignacio Herrero Fuentes na revista "Escuela de trabajo" (nº 13-14-15) "por la revolución didáctica", como exemplo organizativo daquel entusiasmo renovador. Tamén relembro o compañeiro e amigo Raúl González, vello cursillista do 28 e un dos seus traballos, axeitados e clásico exemplo da nova metodoloxía empregada na súa escola de Sampaio (Ribadavia) no tempo da República. Nel tratábase de concentrar o interés dos alumnos na Historia das Civilizacións Antigas nadas a beira dos ríos: A China (ríos Amarillo e Azul); a Hindú (Indo e Ganges); a Caldeo-Asiria (Tigris e Eufrates); a Eipicia (Nilo)... etc.



Suxerencias didácticas para a u



No dossier que presentamos nestas 4 páxinas do xornal non imos facer unha xustificacón teórica da utilización da prensa na aula, xa que existen múltiples traballos citados na bibliografía que o fan con gran rigor. Tampouco imos relatar unha experiencia, senón ofrecer pautas e recursos para que xurdan. As nosas suxerencias didácticas, son froito de experiencias propias e algunhas alleas, a nosa ilusión é que poidan ser útiles a todos aqueles que tenten introducir o uso da prensa

MERCEDES GONZALEZ SANMAMED e EDUAI

Coñecer un periódico

Os grandes obxectivos deste primeiro bloque de actividades, serán o logro da motivación para que os alumnos lean periódicos e a adquisición de información básica para a realización posterior doutras actividades máis centradas no desenrolo do xuício crítico e de carácter aplicado.

Para que os alumnos examinen os periódicos debemos contar cun bon número de exemplares, preferiblemente de diferentes tipos, combinando prensa local con nacional, e se é posible estranxeira.

Un aviso importante: E previsible que nun primeiro momento, se produza certo "follón" (soe suceder cuando se introduce algún cambio na dinámica do ensino-aprendizaxe). E importante que comprendamos a curiosidade e impaciencia dos alumnos, sobre todo, porque para algúns resulta moi novedoso ter un periódico nas mans, como comprobamos nas nosas propias aulas. Non debe sorprendernos, que os rapaces pasen certo tempo refollando e buscando as noticias que ó comenzo lles chaman máis a atención, como os deportes, sucesos anecdóticos e intranscendentes, información comarcal e chamativos anuncios publicitarios.

As actividades que poden realizarse para coñecer un periódico son múltiples e moi variadas, e dependen da creatividade do profesor e da dos propios alumnos. A profundidade das mesmas, dependerá basicamente do nivel e idade dos rapaces.

Analise da primeira páxina

A primeira páxina soe recoller as noticias máis importantes, ou impactantes, que xeralmente se tratan con maior amplitude nas páxinas interiores.

Propoñemos algunhas actividades en dous grupos: As relacionadas coa cabeceira do periódico, e as que fan referencia ás noticias.

A) A cabeceira

- Poner en columna toda a información que nos ofrecen as cabeceiras de distintos periódicos.
- Comparar as columnas resultantes da análise dos periódicos que imos traballar.
- ¿Qué extensión ocupan as cabeceiras con respecto ó tamaño dos exemplares?

B) Relación de noticias

- ¿En cantas columnas se distribúe a información?
- Facer unha lista das noticias que aparecen na primeira páxina. Pódense ordenar según a súa

importancia considerando a súa extensión e o lugar que ocupan.

- Comparar as listas das noticias de distintos periódicos.

* Analizar se coinciden as noticias da primeira páxina.

* Analizar a importancia otorgada á mesma noticia polos diferentes periódicos.

* Analizar o tratamento que se lles da as noticias:

- Comparar o titular (¿é informativo ou engade unha valoración?).

- Comparar os datos que se ofrecen na primeira páxina para as noticias que coinciden nos periódicos analizados.

- ¿Levan fotografías? Se coinciden as noticias que levan fotografías, ¿éstas representan o mesmo?

- Debater cales poden ser os criterios ou razóns que determinan a inclusión de noticias na primeira páxina.

- Analizar o posicionamento ideolóxico a través da selección e desenrolo das noticias.

- Elixir unha noticia, e comparar o que se di na primeira páxina co que aparece no interior.

- Analizar a extensión que distintos periódicos lle adican a publicidade na primeira páxina.

- Facer un seguimento durante un tempo (como mínimo unha semana) das noticias que aparecen na primeira páxina en diferentes xornais.

- Completar a primeira páxina dun periódico, ó que se lle recortaron os titulares.

- Ilustrar a primeira páxina dun periódico ó que lle faltan as fotografías.

- Elaborar textos para distintos titulares dunha primeira páxina.

- Contando coas noticias e material gráfico compoñer a primeira páxina.

- Tra-la lectura do periódico, completar a primeira páxina á que lle falta o índice de seccións.

Claves de identificación dun periódico

Para a identificación e coñecemento de datos xerais dun periódico, pode utilizarse unha ficha como a que presentamos a continuación:

- Nome do periódico:
- Nome do editor:
- Nome do director:
- Sede da administración:
- Sede da redacción:
- Sede da impresión:
- Periodicidade:

- Sae: -Pola mañán.

-Pola tarde.

- Número de edicións:

- Tirada:

- Precio:

- Suplementos que ofrece:

- Facer unha lista do persoal que traballa no periódico xunto co cargo e/ou función que desempeña.

- Análise da impresión e maqueta:

* Medidas:

* Nº de páxinas:

* Nº habitual de columnas por páxina:

* Dimensión dos títulos (análise dos corpos de letra):

* Medidas da parte impresa e da zona branca de cada páxina:

* Tipos de marco e recadros utilizados:

* Porcentaxe adicado á publicidade:

Analise das seccións do periódico

Os rapaces teñen que descubrir a estrutura do periódico por seccións. Na primeira páxina soe aparecer un índice de seccións, e na parte superior de cada unha das páxinas podemos atopar o nome da sección á que pertence. Ofrecemos a continuación unha serie de actividades que poden servir de orientación:

- Facer unha relación das seccións de distintos periódicos.

- Comparar as seccións comúns (aínda que o nome poida ser distinto) e aquelas propias dun xornal local, autonómico ou nacional.

- Elaborar cuadros co número de páxinas por seccións comparando distintos periódicos e tirar conclusións.

- Comparar as noticias que aparecen nunha mesma sección en distintos xornais.

- Averiguar se existe algunha relación entre a sección e a necesidade de material gráfico (mapas, gráficos, fotografías...).


- Recollidas as noticias da primeira páxina sinalar a qué seccións corresponden. Facendo un seguimento durante certo periodo de tempo de varios periódicos, pódense tirar conclusións interesantes respecto á liña do periódico.

- Por grupos, recortar noticias de distintas seccións para logo intercambialas e agrupalas trala súa lectura nas seccións correspondentes.

- Descubrir grupos ou apartados dentro de cada sección.

- Realizar paneis nos que se recollan as noticias que apareceron en cada sección durante un periodo de tempo.

utilización da prensa na escola



nas escolas, e animar a alumnos e profesores á elaboración de periódicos.

Abordaremos o periódico como centro de interés, propoñendo actividades nas que se pida precisar un tratamento interdisciplinar. O marco de desenvolvemento destas ou doutras actividades, a través dunha programación específica adaptada ás características do medio e dos alumnos, debe ser traballo de cada docente e dos equipos de profesores.

GUARDO X. FUENTES ABELEDO

- Debatir a función predominante (instruír, informar, divertir...) que teñen as diferentes seccións.
- Comprobar se noutros medios de comunicación se ofrecen bloques de información ou comentarios que se corresponden coas diferentes seccións.

Entrevista a un periodista

No caso de dispoñer de tempo para que os alumnos se familiaricen coa prensa, sen dúbida que estarán suficientemente motivados para preparar por si mesmos a entrevista a un periodista, e facilmente lles xurdirán preguntas e dúbidas a resolver. Pero por si é preciso axudarlles, ofrecemos esta guía que non pretende ser máis que un listado orientativo que suscite outros temas que poidan ter interés para a clase ou o colectivo que fai a entrevista.

Cuestións:

- ¿Onde se estudia para ser periodista?
- ¿Cántos anos dura a carreira?
- ¿Qué se estudia?
- ¿Por qué estudou esa carreira? -no seu caso-
- ¿Qué fai falta para ser un bon periodista?
- ¿En qué consiste o traballo seu como periodista?
- ¿Qué é o que lle resulta máis agradable e máis desagradable do seu traballo?
- ¿Cal é o seu horario de traballo?
- ¿Está satisfeito co seu traballo?
- ¿Quén decide que noticias se escriben e cómo hai que redactar ditas noticias?
- ¿Tivo algunha vez problemas para recoller información ou para dar publicidade á mesma?
- ¿En qué xénero periodístico lle resulta máis difícil escribir?
- ¿En qué seccións do periódico colabora?
- ¿Cal foi a noticia que máis lle agradou escribir?
- ¿Cal foi a que menos lle gustou?
- ¿Qué noticia lle gustaría informar ós lectores do periódico?
- ¿Desempeña ou desempeñou algún cargo no periódico? ¿En qué consiste ou consistía o seu labor?
- ¿Cáles son os riscos ou problemas máis graves da súa profesión?
- ¿Traballou en moitos periódicos? ¿En cales? ¿En qué consistía alí o seu traballo? ¿Por qué cambiou?
- ¿Hai moitas mulleres periodistas? ¿A qué pensa que se debe esta situación?
- ¿Cánto se tarda en facer un periódico?
- ¿Cal é a última hora ata a que admiten noticias?

- ¿Cómo fai cando hai moitas ou poucas noticias?
- ¿Depende disto o número de páxinas do periódico?

Os xéneros periodísticos

Profesores e alumnos debemos ter moi claras as características dos distintos xéneros periodísticos. A distinción, por exemplo, entre unha noticia e unha crónica, fai posible o desenvolvemento dun maior sentido crítico ante o material elaborado polos periodistas.

Imos comentar moi brevemente as diferencias entre a noticia, a reportaxe, a crónica e o artigo.

A noticia: Ten como obxectivo traducir a palabras a realidade dun suceso, de forma obxectiva e clara. Calquer noticia, por elemental que sexa debe responder a seis grandes preguntas:

- ¿Qué?
- ¿Cómo?
- ¿Por qué?
- ¿Cándo?
- ¿Onde?
- ¿Quén?

Algúns especialistas engaden dúas interrogantes máis: ¿Para qué? e ¿Cánto?.

Cando o profesor selecciona noticias para ser traballadas na aula, cremos é importante que atenda a algúns criterios:

1. Relación co traballo diario, no senso de que pensamos resulta máis rentable aproveitar material susceptible de ser integrado nos temas e procesos de traballo cotidiano. O traballo coa prensa, despois dunha fase de coñecemento do periódico, non debe ser sorpresivo.
2. Actualidade da noticia, posto que as novidades soen resultar máis atractivas.
3. Interés da noticia, en relación co suceso e a actitude que ante él adopta o lector.
4. Significado da noticia, referido ó acontecemento e ás súas repercusións.

A reportaxe: E o relato básicamente de carácter informativo, dando conta dun feito actual ou humano. Ten maior amplitude que a noticia e aparece redactado en forma directa e con obxectividade.

Na actualidade, soe combinarse a reportaxe coa entrevista. Neste caso, é interesante resaltar a importancia do primeiro parágrafo que contén nunha frase corta e impactante a resposta máis vital e relevante das contestacións ás interrogantes da noticia. Neste xénero habitualmente aparecen respostas textuais da persoa ou persoas entrevistadas con información documental e ambiental.

A crónica: Inclúe a narración dalgo e a emisión dun xuício sobre o narrado. Polo tanto, é fundamental que o lector distinga entre os feitos obxectivos e os xuícios, valoracións e interpretacións dos periodistas. Na redacción das crónicas é importante a viveza, o colorido, e mesmo a inclusión de anécdotas que fagan agradable e suxerente a lectura.

O artigo: No artigo o escritor e as súas ideas son o máis importante. A opinión e a interpretación son o eixo, o fio conductor do escrito. Este poder ser humorístico, ideolóxico, poético... O xénero encádrase no chamado periodismo de opinión.

Análise dos xéneros periodísticos

Ofrecemos a continuación algúns exemplos de actividades que poidan servir de orientación para traballar sobre os xéneros periodísticos:

- Buscar exemplos dos distintos xéneros periodísticos.
- Por grupos de alumnos, elíxese un xénero periodístico. Cada equipo, recollerá durante un certo tempo tódolos exemplos que atope nos distintos xornais ós que poida acceder.
- Comprobar como en ocasións encontramos un mesmo tema e/ou feito desenrolado en distintos xéneros periodísticos (noticia, entrevista, crónica...). Buscar exemplos e aproveitar para contrastar as características comúns e diferenciadoras de como aparece dita información.
- Averiguar se existe algunha relación entre un determinado xénero periodístico e a necesidade de incorporar material gráfico. Poner exemplos.
- Recoller informacións encadradas nun xénero periodístico e redactalas seguindo as pautas doutro xénero. Tirar conclusións comparando as dificultades dos distintos xéneros.
- Realizar paneis por xéneros periodísticos.
- Escoller algún tema tratado nunha crónica e debatilo na clase, desvelando o posicionamento do autor.
- Averiguar se hai seccións que se desenrolan nun determinado xénero periodístico máis que noutro, e analiza-las razóns.
- Facer un estudio para averiguar que xénero é o que máis aparece en cada xornal.
- Pódense desenrolar múltiples actividades relativas a área lingüística: Vocabulario, expresión oral e escrita, comentarios de textos, que cremos necesario realizar dun xeito específico adaptado a un exemplo concreto: Noticia, reportaxe...

Comentario dunha noticia

Las huelgas arrojan ya siete mil millones en pérdidas

Las empresas estatales de transporte atraviesan una difícil situación

Madrid. (Agencias).— Las tres empresas estatales de transporte por tierra, mar y aire, Renfe, Trasmediterránea e Iberia, han perdido en lo que va de año, más de siete mil millones de pesetas, debido a las huelgas que se vienen produciendo desde primeros de año. En los últimos dos meses ha habido un total de 349 huelgas, 159 en enero y 190 en febrero. En estos conflictos han estado implicados 347.060 trabajadores y han perdido 7.899.460 horas de trabajo. Según la encuesta de conflictividad laboral realizada por la CEOE, estos datos suponen un aumento del 6,47 por ciento en la cifra de horas perdidas con respecto a los mismos meses de 1988.

Renfe

Renfe dejará de recaudar unos 200 millones de pesetas por la huelga de los días 6 y 7 de este mes, convocada por el comité intercentros para presionar en la negociación del convenio colectivo. Sin embargo, fuentes de la empresa han afirmado que el impacto de estas pérdidas en la cuenta de resultados no puede ser evaluado, dado que a esos 200 millones de pesetas hay que deducirles el descuento en las nóminas y el ahorro en el consumo de energía. A esta cantidad hay que añadir los 300 millones de pesetas estimados que se dejaron de recaudar por los paros anteriores del 17 y 18 de marzo, fechas "punta" por ser el inicio de las vacaciones de Semana Santa. El próximo día 13 habrá una reunión sindical para estudiar un cambio de estrategia en la negociación, cambio que podrá culminar en otras medidas de presión para que la dirección de la compañía apruebe las subidas salariales y el paquete socio-laboral propuesto por los sindicatos. Además, volverá a solicitar la intermediación del



La conflictividad laboral aumenta las pérdidas en el transporte público.

Ministerio de Transportes para que desbloquee las negociaciones del convenio.

Por otro lado, Trasmediterránea ha perdido 200 millones de pesetas por los paros llevados a cabo del 20 al 27 de marzo de 10 de la noche a 8 de la mañana. El comité de huelga de la compañía ha convocado nuevas jornadas de paro para "el puente" del primero de mayo, y ha anulado las huelgas de los fines de semana.

El conflicto de Iberia

El conflicto más largo y dilatado es el de la huelga de los técnicos de mantenimiento de Iberia, protagonizada por el sindicato Aset-

ma desde el 23 de diciembre. Hasta el uno de marzo, y según el presidente de la compañía, Narcís Andreu, Iberia ha perdido 5.712 millones de pesetas, a los que hay que sumar mil millones más al tener que realizar el mantenimiento de los aviones fuera de España. El pasado día 31 Asetma decidió en una asamblea general realizar un paréntesis hasta el día 18, y si no se llega a un acuerdo, ese mismo día se reiniciará la huelga. Los juicios por los técnicos despedidos por no cumplir los servicios mínimos, comienzan el próximo día 11, por lo que ambas partes están a la espera del desarrollo de los juicios, antes de iniciar cualquier estrategia.

Analise

—Elabora un gráfico no que recollas a información numérica que se relata no texto.

—Por grupos elaborade un informe sobre a evolución na historia dos medios de transporte dos que se fala na noticia.

—Elabora un calendario no que marques con distintos cores as datas correspondentes as folgas dos medios de transporte. ¿A que crees que se debe que os traballadores seleccionaran estas datas para a folga?

—¿Cales son as causas que motivan os conflitos a que fai referencia o texto?

—Enumera nunha columna as repercusións do conflito que aparecen no texto e noutra columna outras repercusións que ti consideres.

—¿Que medidas tomou Iberia o non cumprir algúns traballadors os servicios mínimos?

—¿Quen actúa de intermediario entre as empresas e os traballadores nas negociacións do conflito?

—¿Que organizacións se nomean no texto? ¿Que función teñen?

—Debuxa un mapa no que aparecen as liñas férreas nacionais así como os portos e aeroportos principais.

—Imaxínate que tes que viaxar un dos días de folga de Renfe dende Ourense a Barcelona. Fai un "dosier" no que aparezan tódalas posibilidades, explicitando o recorrido, distancia, tempor invertido, precio... Podes solicitar información nunha axencia de viaxes.

—Compara a información ofrecida por "La Región" sobre os feitos relatados coa que ofrecen outros periódicos.

—Averigua a través das informacións dos xornais que outras empresas mantén este ano unha forte conflictividade laboral. ¿Que papel cumplen os sindicatos nestes conflitos? ¿E o Goberno? ¿E os partidos políticos?

Exploración e recoñecemento

—Ler atentamente o texto.

—Suliñar as palabras con significado descoñecido.

—Buscar no dicionario o significado desas palabras e anotalo en fichas. Formar frases nas que se comprobe que se comprendeu o que significan.

—Resume o texto coas túas palabras recollendo as ideas fundamentais.

—Busca outro título que consideres axeitado o texto.

—Elabora outro pe de foto.

—¿En qué sección se atopa o texto? ¿Podería incluírse noutras seccións? ¿En cais?

—De donde provén a información: ¿Está firmada por un periodista ou por unha axencia?

—¿A que xénero periodístico pertence?

—Comproba se a noticia está ben estruturada.

¿Responde as preguntas básicas: que, como, por qué, cando, onde, quen?

—¿Que porcentaxe da páxina e do periódico ocupa a noticia?

—¿Aparece esta noticia reseñada na primeira páxina? ¿A que crees que se debe?

—¿Que representa a fotografía que acompaña á noticia?

—Fai un seguimento, durante unha semana para comprobar se aparecen máis datos relativos a noticia deste texto.

Valoración e crítica

—¿Que opinión che merecen as medidas de presión adoptadas polos traballadores? ¿E a postura que mantén a Administración? Organízade un debate no que se representen as negociacións entre empresa e traballadores para acadar unha solución o conflito. Os usuarios terán tamén a súa representación. ¿Quen crees que sae prexudicado da situación do conflito?

—¿Que farías tí se foses un dos traballadores das empresas das que fala o texto?

—¿Como actuarías se foses o presidente da compañía?

—¿Que se podería facer para solventar a problemática que se relata no texto?

Elaborar periódicos na Escola

Non imos referirnos nesta aportación as cuestións relativas á composición e maqueta, nen os distintos aspectos organizativos a considerar para a "confección" dun periódico. O noso propósito é ofrecer unha panorámica de diferentes modelos de periódicos, que podemos elaborar cos alumnos, según os obxectivos que pretendamos e a estrutura queiramos darlle.

Así pois, cando teñamos decidido facer un periódico na aula, ou no centro habrá que optar primeiramente por un tipo de periódico ou buscar vías intermedias.

Dende o noso punto de vista, cabe falar de tres enfoques na elaboración dun periódico polos alumnos:

Periódicos creativos

Englobamos aquí outro tipo de periódicos que poden ter importantes posibilidades didácticas e moita aceptación polos escolares.

Como exemplo pódese elaborar un periódico histórico de Grecia no que os alumnos en base ós coñecementos que poseen desta civilización e á búsqueda de información, inventen as noticias que poideran haber sucedido nesta época e lle den un tratamento periodístico. A modo de orientación:

- Entrevista a Pericles.
- Crónica dos debates dos maxistrados na Asamblea.
- Unha reportaxe sobre as obras do Partenón.
- Noticias dos próximos Xogos Olímpicos, reñando as probas que se disputarían e os atletas participantes, anotando a súa procedencia.

Periódicos escolares

Neste modelo, os alumnos exercen de periodistas, reporteiros, redactores, distribuidores..., é dicir, editan un periódico.

Supón un gran esforzo e require gran entusiasmo posto que a laboura é ampla e complexa.

Ainda que non sempre se garda fidelidade as características propias do formato dun xornal (recadros, columnas, títulos...), obriga a tomar un gran número de decisións relativas non só a aspectos de dimensión, tipos de letra e número de páxinas, senón o desenrolo das seccións e á inclusión de traballos de diferentes xéneros periodísticos.

Pensamos que previamente á elaboración dun periódico sería moi recomendable adicar unhas cantas sesións ó coñecemento e análise de diferentes xornais (sobre todo seccións e xéneros e periodísticos), porque facilitarían en gran medida o labor a realizar e orientarían os pasos que se deben dar.

Resultará moi útil facer un fichero no que se recollan as noticias do centro ou que poidan ser de interese para os alumnos, e sobre as que se redactarán posteriormente as noticias, crónicas, reportaxes e se levarán a cabo entrevistas, etc.

Asimesmo habrá que contar cun fichero de fotografías. Algunhas pódense incorporar a dife-

rentes noticias relativas á escola, e outras propias dalgunha información en particular. Xunto coas fotografías sería preciso contar cun fichero de debuxos.

Se ben nun primeiro momento pode ser demasiado difícil (depondrá do nivel e expectativas dos alumnos), sería interesante que no periódico aparecesen varias seccións e se intentara recoller informacións para cada unha delas. En ocasións as seccións poderán variar dun número a outro, aínda que é recomendable mantelas permanentemente. A modo de exemplo pódense considerar as seguintes:

- Preescolar.
- Ciclo inicial.
- Ciclo medio.
- Ciclo superior.
- Actividades circun-escolares.
- Biblioteca.
- Ocio.
- Informacións varias.

Nalgúns casos será preciso establecer criterios que determinen onde se vai incluír determinada información.

Tamén se deberá poñer moita atención no deseño da primeira páxina.

Bibliografía básica

Na actualidade existen no mercado editorial un bon número de obras que tratan o tema da relación prensa-escola. Presentamos a continuación algúns títulos escollidos tanto de libros como de revistas:

Bartolomé, D. (1983): **La prensa en la escuela**, ICCE, Madrid.

Cuadernos de Pedagogía (1987): Número 144, Xaneiro, pp. 7-43.

Corzo, J.L. (1986): **Leer periódicos en clase**, Madrid.

Departament de Cultura (Generalitat de Catalunya) (1984): **La prensa a lescola**, Primer Simposio Internacional, Barcelona.

Fernández Paz, A. (1986): **Para ler xornais na clase**. Revista Galega de Educación, número 2. Vigo, pp. 39-50.

Fischer, R. (1973): **Periodismo escolar**. Biblioteca Argentina, Buenos Aires.

Flores Jaramillo, R.: **El periódico en la escuela**. Magisterio Español, Madrid.

Freinet, C. (1969): **Las técnicas audiovisuales**. Laia, Barcelona.

García Novell (1986): **Inventar el periódico**. Zero, Madrid.

Gonnet, I. (1984): **El periódico en la escuela**. Narcea, Madrid.

Gutiérrez Rodríguez, L. (1988): **La prensa en el aula como instrumento pedagógico**. En *Andecha Pedagógica*, número 19. Cijón, pp. 24-26.

Martín Aguado, (1987): **Lectura estética y técnica de un diario**. Alhambra, Madrid.

Morilla, M. e outros (1981): **El periódico, un diálogo de la escuela con la comunidad**. Narcea, IEPS, Madrid.

Rodríguez Jares, X. (1982): **A prensa na escola**. En *O ensino*, número 5, pp. 29-34.

Rotger Amengual, B. e Roque Company, J. (1982): **Cómo leer la prensa escrita**. Escuela Española, Madrid.

Vioque (1984) **La utilización de la prensa en la escuela**. Cincel, Madrid.



Periódico de xornais

Cando se elabora un periódico a partir de xornais feitos por profesionais, e que son analizados na clase. Nesta liña resulta moi ilustrativa a experiencia realizada no C.P. "María Balbín" de Oviedo (Premio Nacional de "Prensa-Escuela" 1986-87). En dita experiencia elaboráronse tres tipos de periódicos:

Tipo A: Trabállase sobre unha noticia-base eleixida por votación. Esta noticia ocupará a primeira páxina e a continuación irán as actividades que se realizarán sobre ela e que pode abarcar diferentes materias: estudo do vocabulario, localización, gráficos, dibuxos...esixindo no seu caso, un tratamento interdisciplinar.

Tipo B: Selecciónase unha noticia e faise un seguimento durante un tempo.

Según este modelo na primeira páxina vai a noticia de certos datos de investigación e opinión sobre o tema que suscita.

Para o seguimento súxírese un taboeiro no que o equipo encargado debe colocar os recortes de prensa relativos ó tema acompañados dun breve comentario no que se anota o xornal do que procede e a data.

Tipo C: Obliga ós alumnos a consultar varios xornais e a comparar as primeiras páxinas. Cada equipo presenta ó resto da clase as noticias que aparecen na primeira páxina e realízase un debate para seleccionar as que se consideran relevantes. As noticias máis valoradas serán as que se recollan no periódico xunto coas conclusións e as intervencións destacadas do debate.

TIRA

Reivindicacións salariais dos mestres republicanos

Un dos problemas máis serios que prantexaba unha reforma en profundidade dos estudos do maxisterio, era a equiparación salarial e profesional entre ensinantes de diferentes niveis e destes cos funcionarios

A loita contra a discriminación existente facíase dende diferentes posicións: dende a postura da ATEO que buscaba un plantexamento xeral dos salarios da clase traballadora até os posicionamentos que pedían sen máis, a equiparación os funcionarios.

A combatividade do Maxisterio con conciencia de clase lindaba coa "utopía da auténtica república de traballadores", tal como manifesta un editorial da revista ourensana **Escuela de trabajo**:

"en esta Asamblea consideramos máis que suficiente, como salario-tope, el de ocho mil pesetas anuales y protestamos contra un Estatuto de funcionarios que fomenta una burocracia capitalista con sueldos fabulosos, mientras millones de familias proletarias están agarrotadas por la Necesidad y nuestros campesinos trabajan de estrella á estrella -según ellos dicen en frase precisa y angustiadora".

Aquel acordo asambleario, considerado hoxe polo director da revista, Baltasar Vázquez, como "disparado" tiña unha certa fundamentación tendo en conta as reivindicacións corporativistas presentadas por outras asociacións de ensinantes. Con todo, a **Revista de Pedagogía** ofrece razóns convincentes do malestar do maxisterio que se atopa maioritariamente en piores condicións salariais cas da derradeira cate-

goría de funcionarios, esixíndolle, en cambio, unha formación máis ampla e o cumprimento dunha función social máis delicada. Polas mesmas datas en que a Asociación de Trabaxadores de la Enseñanza de Orense (ATEO) fai estas críticas, o análise da **Revista de Pedagogía** descalifica o propio Estatuto de Funcionarios por razóns de agravio comparativo:

"Es evidente que los estudios del Magisterio tienen hoy carácter de enseñanza superior por exigirse el título de bachiller y tres años de estudios facultativos..

A nuestro juicio, las remuneraciones del anteproyecto son excesivas y habrán de ser reducidas a sus justos términos. Pero no es esto todo. Lo más importante es que no debe concederse un sueldo superior a los actuales, sin que los funcionarios que hoy prestan servicios lleguen al promedio de ellos. Es decir, que mientras haya 20.000 maestros con un sueldo de tres mil pesetas, no debe llegar a seis mil el sueldo mínimo de los demás funcionarios. Habría que establecer, pues, una graduación en las mejoras, ascendiendo primero a 4.000 ese sueldo mínimo, después a 5.000 y por último a 6.000. Y lo mismo decimos de los sueldos intermedios y últimos.

El Magisterio debe estar prevenido y estar a la defensa de sus derechos...Tiene una preparación superior y un trabajo mayor que la mayoría de los funcionarios".

Como se pode observar as reivindicacións económicas dos ensinantes teñen unha longa historia...

X. M. CID.

LIBRO

"Educación e ideoloxía en Ourense na II República"

CID FERNANDEZ, X.M.
Servicio de Publicacións da
Universidade. Santiago 1989.

Xosé Manuel Cid Fernández, profesor de Teoría e Historia da Educación no Colexio Universitario de Ourense, é un exemplo significativo do dinamismo cultural e político das promocións universitarias ourensanas dos últimos 70. Entregado, nada máis licenciarse, á investigación histórico-educativa, ven a ser, o agromar espléndido dunha disciplina universitaria que partía de cero hai ben pouco tempo e que tén dado xa boa mostra do seu coñecemento da realidade educativa galega na nosa historia última.

Con un estilo directo e asequible, X.M. Cid vains levando pouco a pouco á interpretación contemporánea do período histórico máis intenso deste século no noso país. Si, como di Pierre Vilar, facer historia é tentar de comprender o pasado para coñecer o presente, Cid trata, en todo momento, de vivenciar apasionadamente, mesmo crudamente, o acontecer afervado dos anos republicanos na vida e no traballo da xente do ensino en Ourense.

En moitas das súas páxinas, hai a intención explícita ou soterrada de leer a experiencia republicana ourensá dende hoxe. É como si tratara de nos invitar permanentemente a leer esa mensaxe dende a nosa propia realidade de ensinantes ou de testigos do ensino; como si quixera transmitirnos a importancia cardinal do ensino en tanto que práctica social de primeira orde. E dicir, Cid pretende darnos a entender que **debemos aprender** esa lección histórica.

É a súa unha lectura radical da experiencia republicana, aproveitando o feito de que, en Ourense, existen, entre 1931 e 1936, focos de renovación pedagóxica de auténtica vangarda. Non hai máis que reflexionar un pouco sobre a selección textual da época que Cid nos propón. Nises textos aparece, con toda a súa forza, o gran debate ideolóxico e a virulenta loita de clases que subxace. Atopamos constantemente elementos da gran batalla pola definición da escola e, en definitiva, pola clarificación da función social da educación.

O libro de Cid ven a ser, pois, unha maneira viva de entender a Historia da Educación. Coido que debemos felicitarlos pola súa publicación e agardar novas mostras da súa capacidade crítica e investigadora.

Herminio Barreiro

NOVAS

- Na Escola Universitaria de Maxisterio, terá lugar hoxe as 6 da tarde, e, no marco das II Tertulias Psicopedagóxicas: A Educación Infantil, unha sesión a cargo de Manolo Bragado, Profesor Especialista de Preescolar no C.P. de Bande e presidente de **Nova Escola Galega**, en torno o tema **A experiencia social: Actividades posibles. Forma de desenrolo. Incidencia na educación do neno**".

- Alumnos da **Escola Universitaria de Maxisterio** proxeccionaron onte a película "O bosque animado" como conmemoración do día da árbore.


- "As ideas dos alumnos/as como punto de partida na elaboración dun deseño curricular en Ciencias" é o título dun **Seminario** que terá lugar os días 5-6 de Maio no **Instituto Otero Pedrayo**. Está organizado por **NEG** e colabora o **Grupo GAIA** de Educación Ambiental. Para matricularse, no propio Instituto.

- VI encontro de debate de **Nova Escola Galega**. Temática: **Escola pública e proxecto educativo o curriculum e a renovación pedagóxica; Papel e función social dos M.R.P.S.**, celebraráse en Santiago, o día 15 de Abril, Hotel Apóstol Santiago. Estrada Labacolla.

- Sabemos que...algúns centros de ensino están facendo actividades en relación ca semana de "Prensa na escola", orgaizada pola Consellería: por exemplo, o C.P. "Virxe de Covadonga" e o "Quinto Instituto" programaron sendas visitas a **La Región** e charlas con periodistas, dirixidas os alumnos. Invítamosvos a que contedes a través do suplemento as vosas experiencias.

- Os alumnos/as do Colexio Universitario editaron un periódico "Lumigallo", como eles din "pretende ser unha plataforma de expresión e un divertimento máis". ¡Benvido sexa!

GARABULLINO



ESTES SI QUE TIÑAN MOITA CONCIENCIA DO QUE É A CIENCIA E MOITA CIENCIA PARA FORMA-LA CONCIENCIA...

NA ESCOLA

Suplemento do ensino de **La Región** (Ourense).

Consello de pedagogos asesores:
Xosé Manuel Cid (coordinador)
Mercedes Suárez Pazos
Mariló Candedo
Mercedes González Sanmamed
Manolita Garrido
David Cortón

Colabora:
Nova Escola Galega

Maqueta:
Departamento de deseño de **La Región**.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

